

CONCURSO DE MICRORRELATOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS:

O IES 12 de Outubro, en colaboración coa ANPA do centro, convoca o Concurso de microrrelatos do Día das Letras Galegas, para o alumnado de ESO, bacharelatos e CCFF.

BASES

1. A modalidade será prosa.
2. As obras presentadas deberán reunir as seguintes condicións:
 - a. O relato comezará cunha das seguintes citas:
 - *“Os avós van ser coma o cine. É que as mudanzas son terribles”*.
 - *“Se todos tivéssemos poderes, cantas cousas nos cobrarían neste mundo?”*
(Citas extraídas da obra inédita “Non te amola!” de Xela Arias, homenaxeada polo Día das Letras Galegas 2021).
 - b. Deberá ser rigorosamente inédito.
 - c. Estará escrito con fonte de texto Arial, en corpo 12 puntos e marxes normal (2.5 cm superior e inferior e 3 cm esquerda e dereita), que é o que adxudica Word por defecto. O interlineado deberá ser de 1,5.
 - d. A extensión en prosa non deberá exceder das 450 palabras.
3. O orixinal da obra presentarase unicamente en formato dixital. O traballo deberá ser enviado á dirección electrónica: anagleznieta@edu.xunta.es
4. No asunto do mail especificará: “Para o concurso de microrrelatos do Día das Letras Galegas”. No mail enviaranse dous arquivos adxuntos:
 - a. Nun arquivo irá o microrrelato co título en maiúsculas na primeira liña do arquivo e na liña sucesiva o pseudónimo, seguido do texto. O nome do arquivo debe ser o título da obra e o pseudónimo.
 - b. No outro arquivo, denominado como o título da obra, enviaranse os seguintes datos persoais:
 - Título da obra
 - Pseudónimo
 - Nome e apelidos
 - Curso e grupo
5. O prazo de presentación de traballos será ata o domingo, 2 de maio do 2021 ás 23:59 a través do mail: anagleznieta@edu.xunta.es
6. Nomearase un xurado cualificador competente que procederá á valoración das obras presentadas.
7. **PREMIOS:**
Haberá primeiro e segundo premio para as 3 categorías:
 - Categoría I: 1º e 2º da ESO
 - Categoría II: 3º, 4º e FPB
 - Categoría III: BACH E CCFF
8. O feito de concorrir ao Concurso de microrrelatos do Día das Letras Galegas implica a total aceptación destas bases, cuxa interpretación se reserva a organización deste certame e o seu xurado cualificador.